

## **O grupo parlamentario socialista reclama á Xunta, por terceira vez consecutiva, unha solución ás necesidades do Colexio Infanta Elena de Monforte de Lemos**

O PSOE solicita á Consellería de Traballo e Benestar que dea unha resposta clara sobre o que ten pensado facer para atender as xustas reivindicacións da comunidade educativa do centro

O deputado autonómico Vicente Docasar manifesta que “tras anos de promesas incumpridas, esta xusta demanda merece ser solucionada definitivamente”. O socialista lembra que “o PSOE levou dúas veces na actual lexislatura este tema a debate no Parlamento, pero sempre con nulos resultados, tanto por parte da Consellería de Traballo e Benestar, como da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

**Docasar critica que nas últimas semanas, véñense observando con gran incredulidade como, intentando aproveitar o rédito electoral, aparecen novas promesas e novas xuntanzas, “pero sempre sen garantir unha solución ás demandas das familias dos alumnos e alumnas do centro”**

**MONFORTE DE LEMOS, 23 DE ABRIL DE 2015.-** O grupo parlamentario do PSOE ven de rexistrar o terceiro intento parlamentario para que a Xunta de Galicia, e en especial a Consellería de Traballo e Benestar, dea unha resposta clara sobre se ten pensado facer algo para atender as xustas reivindicacións da comunidade educativa do Colexio Infanta Elena de Monforte de Lemos.

Este centro de educación especial conta cunha gran tradición e prestixio na comarca de Lemos, acollendo a alumnos e alumnas con discapacidades físicas e psíquicas. Coa actual normativa en vigor, os rapaces e rapazas teñen que abandonar o centro aos 21 anos, o que leva ás familias a “un estado de profunda desesperanza” xa que ese alumnado ten que permanecer nas súas casas ou desprazarse a centros máis afastados do seu domicilio e con características moi distintas ao Infanta Elena. Estes feitos teñen unhas terribles consecuencias nos rapaces e rapazas xa que lles leva a unha perda das destrezas e habilidades que adquiriron na súa etapa de escolarización.

Por iso, as familias solicitan que o colexio sexa acondicionado como centro de continuidade, coa idea de facer posible que o alumnado poida permanecer no mesmo despois dos 21 anos.

### **Múltiples promesas incumpridas**

Ao longo dos últimos anos, o equipo directivo do colexio e a ANPA realizaron moitas xestións coa Xunta de Galicia para intentar atopar unha solución a esta situación. A pesares das múltiples promesas feitas, ata o de agora o resultado foi sempre nulo.

Neste senso, o deputado autonómico Vicente Docasar manifesta que “tras anos de promesas incumpridas, esta xusta demanda merece ser solucionada definitivamente”. O socialista lembra que “o PSOE levou dúas veces na actual lexislatura este tema a debate no Parlamento, pero sempre con nulos resultados, tanto por parte da Consellería de Traballo e Benestar, como da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria”.

### **Buscando rédito electoral**

Ao mesmo tempo, Docasar critica que nas últimas semanas, véñense observando con gran incredulidade como, intentando aproveitar o rédito electoral, aparecen novas promesas e novas xuntanzas, “pero sempre sen garantir unha solución ás demandas das familias dos alumnos e alumnas do centro”.



## NOTA DE PRENSA

Para os socialistas, “xa chegou a hora de que o Goberno do Sr. Feijoo atope unha solución definitiva ao asunto tras anos e anos de debates e discusións”. Por iso, grupo parlamentario do PSOE leva unha vez máis esta demanda ante a Cámara galega, para que de unha vez por todas a Xunta manifeste se ten pensado facer algo, e de ser así cando, onde e con que orzamento.